

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DE GASTOS DERIVADOS DE RETIRADA DO ACUMULADOR EXISTENTE E COLOCACIÓN DUN NOVO NO CAMPO DE FUTBOL DA CHEDA (PALOMAR).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 16-2020, por un importe total de 4.000 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020.

Vista providencia da Sección de Deportes, asinada polo encargado de actividades deportivas, don Fernando Timiraos Carrasco, coa conformidade do Concelleiro Delegado da área de Zona Rural e Deportes, don Miguel Fernández Méndez, con data 17/09/2020, solicitando a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito por importe de 4.000,00 €, para dar cobertura a gastos derivados de retirada do acumulador existente e colocación dun novo no campo de fútbol da Cheda (Palomar).

Providencia asinada pola Alcaldía en data 21.09.2020 ordeando a inocación do correspondente expediente.

Dada a verificación de inexistencia de crédito adecuado e suficiente, e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria, procede a tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos segundo o seguinte tenor, creando se procede as aplicacións orzamentarias que resulten procedentes:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	Código proxecto	IMPORTE €
34210.21200	4.000,00 €	34290.62300	20XX00032	4.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	4.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		4.000,00 €

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto e o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/729 de data 23/09/2020 e en virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac7603165235447585836.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 16-2020

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 4.000 € euros para dar cobertura ás obrigas dos gastos derivados de retirada do acumulador existente e colocación dun novo no campo de fútbol da Cheda (Palomar).

<i>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</i>	<i>IMPORTE €</i>	<i>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</i>	<i>Código proyecto</i>	<i>IMPORTE €</i>
34210.21200	4.000,00 €	34290.62300	20XX00032	4.000,00 €
<i>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</i>	<i>4.000,00 €</i>	<i>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</i>		<i>4.000,00 €</i>

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.